

Hoxe, en declaracións aos medios na romaría de San Blas na parroquia viguesa de Bembrive

Rueda: “Pido aos galegos a súa confianza maioritaria ofrecéndolles o meu compromiso coa palabra dada”

- O presidente aspira a obter a maioría para poder “seguir ofrecendo estabilidade, consolidar os avances conseguidos nestes anos e impedir que o barullo que estamos vendo en toda España se traslade a Galicia”
- Sobre o mitin desta tarde na Praza de Touros de Pontevedra: “A mensaxe que trasladaremos hoxe é de mobilización, de empuxe e de entusiasmo por demostrar que somos moitos os que queremos que Galicia siga funcionando”

3 de febreiro de 2024. O presidente e candidato do PPdeG, Alfonso Rueda, reiterou hoxe en Vigo que o seu obxectivo de aquí ao 18 de febreiro é pedir aos galegos a súa confianza en forma dunha maioría que lle permita “seguir ofrecendo estabilidade, consolidar os avances conseguidos nestes anos e impedir que o barullo que estamos vendo en toda España se traslade a Galicia”.

Avogando por unha campaña “en positivo” por parte de todos os partidos políticos, o líder dos populares galegos fixo un chamamento a “non caer nas descualificacións nin nas saídas de ton e dedicarse a facer propostas serias e dentro da cordialidade”.

Iso é, polo menos, o que os galegos poden esperar do PPdeG e do propio Alfonso Rueda: “O que imos facer nestes quince días propoñer medidas serias, meditadas e, sobre todo, realizables. Porque se nalgo se basea a confianza dos galegos no PPdeG é no valor da palabra dada: o que dicimos, facémolo”.

O presidente tamén se referiu ao gran acto central de campaña que terá lugar esta tarde nunha Praza de Touros de Pontevedra que completou o seu aforo con miles de galegos das catro provincias e no que participarán tamén presidente nacional do PP, Alberto Núñez Feijóo, e o presidente de honra do PPdeG, Mariano Rajoy.

“A mensaxe que trasladaremos hoxe é de mobilización, de empuxe e de entusiasmo por demostrar que somos moitos os que queremos que Galicia siga funcionando”,

asegurou insistindo que isto precisamente é o que necesita nesta campaña na que aspira a “seguir gobernando e manter a Galicia fora da inestabilidade”.